

Unha vez que cantemos a canción volveremos para a clase, do xeito máis pacífico posible:

O alumnado de Educación Infantil baixarán e subirán polo lado do pavillón,

O Primeiro Ciclo baixará e subirá pola porta do patio cuberto e pola rampa ,

O Segundo Ciclo baixará e subirá pola parte dianteira do colexio pasando polo corredor diante do novo edificio, a rampa e as escaleiras.

E o alumnado do terceiro ciclo baixará e subirá pola porta dianteira do colexio, o corredor diante da AMPA e as escaleiras do invernoiro.

PRÉGASE QUE CADA TITOR ACOMPAÑE, EN TODO MOMENTO, Á SÚA CLASE, PORQUE OS NENOS VANSE CRUZAR VARIAS VECES.

FRASES PARA A PAZ

- E. I. 3 anos: Paz para poder ser amigos.
- E. I. 4 anos: Paz para poder medrar.
- E. I. 5 anos: Paz para coñecer outros costumes.

Frases de Gandhi :

- 1º nivel: Non hai camiños para a paz; a paz é o único camiño.
- 2º nivel: A nosa recompensa encóntrase no esforzo, e non no resultado. Un esforzo total é unha vitoria completa.
- 3º nivel: Un erro non se converte en verdade polo feito de que todo o mundo crea nel.
- 4º nivel: A regra de ouro da conduta humana é a mutua tolerancia, posto que nunca compartiremos todos as mesmas ideas.
- 5º nivel: O amor é a forza máis humilde, pero a máis poderosa de que dispón o mundo.
- 6º nivel: A máis atroz das cousas malas da xente mala é o silencio da xente boa.

EACE

DÍA DA PAZ

30 de xaneiro de 2015

Desde 1964, para conmemorar a morte de Gandhi, celébrase, todos os 30 de xaneiro, o Día Escolar da Non Violencia e a Paz, recoñecido pola UNESCO no ano 1993.

Nesta data recórdase a necesidade da **educación para a tolerancia, a non violencia e a paz.**

O lema dese día é:

'amor universal, non-violencia e paz. O amor universal é mellor que o egoísmo, a non-violencia é mellor ca violencia e a paz é mellor ca guerra'.



Mahatma Gandhi ([Porbandar, India británica, outubro de 1869](#) – [Nueva Delhi, Unión da India, 30 de xaneiro de 1948](#)) Foi un [abogado](#), [pensador](#) e [político hinduista indio](#). Recibiu de [Rabindranath Tagore](#) o nome honorífico de **Mahatma** (comp. en [sánscrito](#) e [hindi](#) de *mahā*: 'grande' e *ātmā*: 'alma').^[1] Na [India](#) tamén se lle chamaba **Bāpu** ('pai' en [idioma gujaratí](#))

Desde 1918 pertenceu abertamente ao movemento [nacionalista](#) indio, loitando, de xeito pacífico, pero constante, pola mellora das condicións de vida do pobo indio e a súa independencia do Reino Unido.

Instaurou métodos de loita social novedosos como a [folga](#) de fame, e nos seus programas rexeitaba a loita armada, **predicando a ÁHIMSA** (a **NON VIOLENCIA**) como medio para resistir ao dominio británico. Defendía e promovía a total fidelidade aos ditados da conciencia, chegando, mesmo, á desobediencia civil se fose necesario; ademais, loitou pola volta ás vellas tradicións hinduistas.

Carteouse con [León Tolstói](#), quen influíu no seu concepto de [resistencia non violenta](#). Foi o inspirador da [marcha do sal](#), unha manifestación a través da India, contra os impostos que tiña este produto.

Unha vez acadada a independencia, Gandhi **tratou de reformar a sociedade india**, empezando por integrar as castas máis baixas (os [shudras](#) ou 'esclavos', os [parias](#) ou 'intocables' e os [mlechas](#) ou 'bárbaros'), e por desenvolver as zonas rurais. Desaprobou os conflitos relixiosos que seguiron á independencia da India, defendendo aos [musulmanes](#) no territorio [indio](#) .

Vítima da intolerancia, foi asasinado por [Nathuram Godse](#), un fanático integrista [hinduista](#), o [30 de xaneiro de 1948](#) á idade de 78 anos.

Seguindo a tradición, as súas cinzas foron botadas ao [río Ganges](#), sagrado para a relixión hinduista .

अहिंसा



CANCIÓN PARA A PAZ

A violencia, sen fin
anula sempre a razón.
Gardar unha canción
nun “rincón” do corazón.

Son de aquí, son de alá
non importa o seu lugar.
O matar, por matar
Nunca o imos tolerar.

**Amigo, comigo ti podes contar
e todos unidos imos xa gañar.**

**Canta comigo, canta,
berraremos “BASTA XA!”
Ven e dáme a túa man
os nenos queremos a paz.(bis)**

A nosa voz chegará
pola terra e polo mar.
Estarei, ti estarás
e ninguén nos poderá calar.

Non nos van quitar
a esperanza de vivir
nun mundo sen temor
onde poder ser feliz.

**Amigo, comigo ti podes contar
e todos unidos imos xa gañar.**

**Canta comigo, canta,
berraremos “BASTA XA!”
Ven e dáme a túa man
os nenos queremos a paz.(bis)**

Hoxe estamos aquí,
querémosche cantar,
os nenos queremos a paz.
Hoxe estamos aquí,
querémosche cantar,
o mundo quere estar en paz.

Canta comigo, canta,
Berraremos “BASTA XA!”
Ven e dáme a man

O MUNDO QUERE
ESTAR EN PAZ!!!!
(tres)



ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DESTE ANO NO CEIP EMILIA PARDO BAZÁN:

O lema elixido este curso é “UN LAPIS POLA PAZ” e a canción é “ OS NENOS QUEREMOS A PAZ” (nova versión da canción “Los niños queremos la paz”, feita polos nenos de 6º A).

Mandarase por correo a gravación desta canción, que están ultimando os seus autores , acompañados polos profesores de Educación Musical.

Esta melodía soará pola megafonía toda a semana do 30 de xaneiro.Trátase de que todos os nenos saiban , polo menos, o estribillo.

Pedirase a cada titor que pinte un anaquiño de lapis; cada clase como queira , ou poñéndose de acordo o nivel para facer o lapis todo da mesma cor. Cada clase plastificará o seu anaco e poñeranse no mural do edificio de Educación Primaria antes do día 30 de xaneiro.

Cada nivel ten asociada unha frase para traballar con ela, se queredes, ou, simplemente, para lela no acto que teremos todos xuntos fóra, se o tempo o permite.

Colocarase no mural cada anaco de lapis, xa plastificado, ao lado da frase correspondente a cada nivel.

O día 30 de xaneiro ás doce e dez os nenos subirán ou baixarán e colocaranse en círculo na pista de fútbol:
o alumnado de **Educación Infantil**, do lado do pavillón;
o do **Primeiro Ciclo**, do lado da moreira;
o do **Segundo Ciclo**, do lado do novo edificio
e o do **Terceiro Ciclo**, do lado do edificio de Primaria.

Cada nivel elixirá un representante para ler a frase que lle corresponda e que levarán nun folio.

Cando rematen de lela, meterán o folio nun gran sobre que haberá no medio da pista e, unha vez rematen de ler os do sexto nivel todos xuntos, da man, cantaremos a canción.